



Concello de Baralla

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA REALIZAR TRABALLOS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE BARALLA, EN CUMPRIMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE BARALLA, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2023-2024, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020.

POSTOS DE TRABALLO: 3 PEÓNS DE BRIGADA e 1 PEÓN CONDUCTOR CON CARNÉ B

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal de **3 peóns de brigada e un peón condutor de brigada con carné B** do Concello de Baralla.

Serán funcións a desempeñar polos/as contratados/as as establecidas no “Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Baralla para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa”. Todo isto sen prexuízo das labores que lles poidan encomendar pola Alcaldía ou concelleiros delegados, que garden relación co posto a desempeñar, segundo as necesidades dos servizos e na procura dunha boa marcha dos mesmos.

As bases íntegras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP), así como as sucesivas publicacións, publicaranse unicamente no taboleiro de anuncios do Concello de Baralla e na súa páxina web (www.concellobaralla.es).

2. -REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Ter cumpridos dezaseis anos (no caso de peóns) e dezaioito anos (no caso de peóns condutores), e non exceder, se é o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. Os aspirantes seleccionados deberán

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221





Concello de Baralla

realizar previamente á súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, declararase ao aspirante decaído do seu dereito á contratación.

Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaban no caso do persoal laboral, do que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

No caso de optar aos postos de traballo de **PEÓN CONDUTOR, estar en posesión do permiso de conducir B.**

Tódolos requisitos xerais e específicos deberán estar en posesión do/a/s solicitante/s o día de presentación da instancia, debendo manterse os mesmos durante o proceso selectivo.

3.- SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES

A selección do persoal a contratar levarase a cabo pola presentación de instancia mediante o **modelo que figura no Anexo I** das presentes bases, dirixido ao Sr. Alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello de Baralla, en horario de 9:00 horas a 14:00 horas de luns a venres, ou a través de calquera dos medios que prevé a Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no seu artigo 16.4, no prazo de **5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP). Así mesmo, a convocatoria publicarase tamén no taboleiro de anuncios do Concello de Baralla e na súa páxina web (www.concellobaralla.es).**

Cando as solicitudes se presenten fóra do rexistro do Concello de Baralla, co fin de axilizar os trámites, deberase remitir unha comunicación por fax ao Concello (982363221) ou ao correo electrónico: concellobaralla@concellobaralla.es comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente, antes de rematar o prazo de presentación da solicitude.

Se o día en que finalice o prazo de presentación de instancias fose inhábil o prazo rematará o primeiro día hábil seguinte.

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221





Concello de Baralla

Os candidatos/as deberán acompañar xunto coa instancia (modelo Anexo I), a documentación sinalada nas presentes bases (orixinais ou fotocopias compulsadas), xunto co DNI ou documento similar que acredite a súa identidade.

As persoas que xa participaran na selección da campaña do ano 2022, só deberán achegar a documentación que acredite a experiencia laboral e/ou formación a maiores da que xa tiñan presentada.

Rematado o prazo para presentar as instancias, o Alcalde ditará resolución, declarando aprobada a **lista provisional** de admitidos e, se é o caso, excluídos coa especificación do motivo da exclusión. Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web www.concellobaralla.es.

Concederase un prazo de **2 días hábiles contados a partir do día da publicación da resolución**, para a emenda de posibles deficiencias polos aspirantes excluídos, que se aceptarán ou rexeitarán mediante resolución pública de Alcaldía aprobando a **lista definitiva** de admitidos e excluídos, así como a **designación do tribunal** e a **fixación da data e hora da realización da proba teórica tipo test**.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web www.concellobaralla.es.

Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo de un mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do concello e na súa páxina web, de conformidade co establecido na Lei 39/2015 de 1 de outubro, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data.

4.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

Os membros do Tribunal cualificador e suplentes serán designados polo Sr. Alcalde-presidente mediante Resolución.

O Tribunal estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: Un empregado/a municipal. Con voz e voto.

Secretario: O/a da Corporación ou funcionario/a en que delegue. Con voz e voto.

Vogais: Tres empregados/as municipal. Con voz e voto.

O Tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros, e sempre a do Presidente e Secretario.

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221





Concello de Baralla

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os acordos serán adoptados por maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do/a Presidente/a.

O Tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia

Abstención e recusación. Os membros do Tribunal, e se é o caso o persoal asesor, absteranse de intervir, comunicándollo á Alcaldía, cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no correspondente artigo da vixente Lei do Procedemento Administrativo Común, así como, cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán promover a súa recusación de acordo co sinalado na citada Lei.

5.- CITACIÓN AOS MEMBROS DO TRIBUNAL E ÁS PERSOAS ASPIRANTES PARA LEVAR A CABO O PROCESO SELECTIVO

A citación ao Tribunal e ás persoas aspirantes para a realización da primeira proba deberá publicarse no Taboleiro de anuncios e na páxina web cunha antelación mínima de 48 horas á hora da súa celebración podendo realizar o resto das probas a continuación.

As persoas aspirantes presentaranse ás probas previstas do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, podendo ser requiridos en calquera momento polo Tribunal.

6.- SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO

O sistema de selección dos aspirantes será o **concurso - oposición**.

6.1. FASE DE OPOSICIÓN: PROBA TIPO TEST.

Exercicio de carácter obrigatorio. Puntuación máxima será de 10 puntos.

Os/as aspirantes contestarán por escrito nun prazo máximo de 30 minutos un cuestionario tipo test de 10 preguntas, sobre cuestións do traballo a realizar e os coñecemento do termo municipal.

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221





Concello de Baralla

Puntuarase cada pregunta correcta con 1 punto. As non contestadas ou contestadas incorrectamente non se penalizaran.

6.2 FASE DE CONCURSO. A puntuación máxima será de 4 puntos.

1. Experiencia profesional: Ata un máximo de 3 puntos.

- Desempeñar ou ter desempeñado as funcións dos postos de traballo obxecto deste proceso de selección, en calquera das Administracións Públicas ou nos seus organismos autónomos de carácter administrativo dependentes das mesmas, referidos aos últimos 5 anos, con contratos ou nomeamento feito polas propias Administracións: **0,05 puntos por cada mes completo. Ata un máximo de 2 puntos.**

Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate (excepto aqueles aspirantes que traballaron no Concello de Baralla, os cales unicamente terán que facelo constar), onde figure o tempo traballado na categoría á que se opta ou ben contrato de traballo suscrito para o efecto, e en todo caso a vida laboral. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación será de 0 puntos.

-Desempeñar ou ter desempeñado as funcións do posto de traballo obxecto deste proceso de selección, referidas aos últimos 5 anos, en entidades privadas: **0,03 puntos por mes completo. Ata un máximo de 1 puntos.**

Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar a vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo suscrito para o efecto.

2. Formación: Ata un máximo de 1 punto.

Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo, impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados. Soamente se valorará a formación realizada dende o ano 2012 ata o exercicio actual 2023, non valorándose a formación anterior.

Cursos de máis de 100 horas: 1 puntos.

Cursos de 76 a 100 horas: 0,75 puntos.

Cursos de 51 a 75 horas: 0,50 puntos.

Cursos de 10 a 50 horas: 0,25 puntos.

7.- CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221





Concello de Baralla

O resultado final do proceso será a suma das puntuacións anteriores obtidas.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

En primeiro lugar os que obtiveran a maior puntuación na proba tipo test.

En segundo lugar, atenderase á puntuación dos méritos da fase do concurso.

De persistir o empate, resolverase por sorteo público, en presenza dos aspirantes afectados.

O Tribunal levantará a correspondente acta e publicarase a listaxe de candidatos ordenados segundo a puntuación obtida, por orde decrecente, no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web www.concellobaralla.es.

Os aspirantes disporán dun prazo de **3 días hábiles**, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, elevarase dita relación ao Alcalde - Presidente que aprobará a relación de candidatos pola súa orde de prelación aos efectos da provisión dos postos de traballo obxecto deste proceso de selección.

Non obstante, para o caso de que se produza renuncia dos aspirantes seleccionados, con anterioridade ou despois de celebrar o correspondente contrato laboral, así como para a cobertura de posibles baixas, substitucións, etc, o tribunal de selección elaborará unha listaxe de reserva, co fin de asegurar a cobertura dos postos, que nunca se estenderá mais aló da duración da contratación inicialmente prevista segundo as presentes bases.

8.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Os/as aspirantes seleccionados/as deberán realizar previamente á súa contratación, un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, declararase o/a aspirante decaído do seu dereito á contratación.

Igualmente os/as aspirantes seleccionados deberán realizar un curso teórico-practico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas. Este curso será obrigatorio, aínda que os/as aspirantes seleccionados xa o recibisen en anos anteriores.

9.- BOLSA DE TRABALLO

De cara a posibles modificación do mencionado convenio, no correspondente a novas contratacións e incremento de efectivos, ou ben no caso de ser necesaria a substitución de persoal contratado ao abeiro do mesmo, elaborarse unha listaxe de reserva por orde de maior a menor puntuación.

Cando sexa necesario proceder aos correspondentes chamamentos, ofertarase á primeira

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221





Concello de Baralla

persoa da lista que estea pendente de chamar, dándolle un prazo de 24 horas para que acepte ou renuncie ao posto ofertado. Se non se recibe contestación no prazo indicado ou se rexeita a oferta equivalerá a renuncia ao ofertado e procederase a chamar ao seguinte da lista.

A duración desta bolsa será polo tempo que dure o servizo subvencionado e o Convenio para a Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais para o ano 2023.

DISPOSICIÓN FINAL

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; a Lei 30/1984 de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública; O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público; a Lei 2/2015 de 29 de Abril, de Emprego Público de Galicia; a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; o Real decreto 896/1991, de 7 de xuño polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos aos que deben axustarse os procesos de selección dos funcionarios da administración local; o Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado; o Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, así como pola restante normativa estatal ou autonómica vixente que sexan de aplicación por razón da materia.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos que dela se deriven, así como da actuación do tribunal de selección, poderán ser impugnados polos/as interesados/as, nos casos e no xeito previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra as presentes bases e a resolución pola que se realiza a convocatoria, que esgotan a vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo ante o Alcalde do Concello de Baralla, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao de publicación pola que se anuncien as mesmas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co establecido nos artigos 112 e 113 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou un recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221





Concello de Baralla

En Baralla na data da sinatura electrónica á marxe
O Alcalde,

Asdo. Miguel González Piñeiro

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221





Concello de Baralla

ANEXO I- MODELO SOLICITUDE

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:			NIF/CIF/ ou equivalente:
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
<input type="checkbox"/> Autorizo ao Concello de Baralla, para informarme mediante correo electrónico, do estado desta solicitude, así como doutro tipo de avisos relacionados, que me poidan resultar de interese.			

Estando en coñecemento do proceso de selección convocado polo Concello de Baralla para a provisión de tres (3) postos de traballo de peón de incendios e un (1) de peón conductor de incendios do Concello de Baralla en cumprimento do convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Baralla, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa, por un período de tres meses no exercicio 2023.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que son certos todos os datos consignados na solicitude.

Que reúno, na data en que remata o prazo de presentación de instancias, todos os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, as cales coñezo e acepto expresamente na súa totalidade.

Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias dos postos de traballo.

Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin me atopo en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

Polo exposto SOLICITO que se admita a presente solicitude, xunto coa documentación adxunta, para concorrer ao proceso selectivo incoado aos efectos da provisión do posto de:

- Peón
- Peón conductor con carné B.

Adxúntase a esta solicitude a documentación acreditativa dos méritos da fase do concurso.

_____, _____ de _____ de 2023

O/A solicitante,

Asdo. _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARALLA

De conformidade co establecido na normativa de protección de datos persoais, informámoslle que os datos persoais que nos facilite, almacenaranse e tratarán coa finalidade de participar en procesos de selección e avaliación de persoal. A tales efectos, Vd. expresamente consente e autoriza á realización de cantas probas de carácter profesional, sociolóxico, psicolóxico e de aptitude sexan precisas para a determinación do seu perfil profesional. Estes datos, solicítanse en base ao seu consentimento, necesario para poder ostentar a condición de candidato. Devandito consentimento entenderase prestado en tanto non comunique por escrito a revogación do mesmo. Informámoslle que conservaremos os seus datos durante un prazo máximo de dous anos. Así mesmo, comunicámoslle que o responsable do tratamento e destinatarios da información é o CONCELLO DE BARALLA, onde poidan xurdir vacantes que se axusten ao seu perfil. Pode contactar co responsable do tratamento, para solicitar máis información sobre o tratamento dos seus datos, así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade de datos, limitación e oposición e revogación do consentimento, en R/Evaristo Correa Calderón, 48. 27680. Baralla. LUGO ou a través do correo dndcooperacionconcellos@deputacionlugo.org.

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221





Concello de Baralla

TRABALLOS REALIZADOS EN ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS:

DENOMINACIÓN	DURACIÓN EN MESES

TRABALLOS REALIZADOS EN ENTIDADES PRIVADAS:

DENOMINACIÓN	DURACIÓN EN MESES

FORMACIÓN POR ASISTENCIA A CURSOS

DENOMINACIÓN	DURACIÓN EN HORAS

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221

